

**ADDENDA-ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A XERACCIÓN, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO, “ENREDADAS”**

Vigo, na data da última sinatura electrónica

Dunha parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo.

Doutra parte, Cristina Conde-Corbal González, presidenta, en representación da Xeracción, Sociedade Cooperativa Galega, de natureza non lucrativa, sen ánimo de lucro.

Ambas partes recoñécense con capacidade legal e representación suficiente para subscribir e levar adiante o presente documento, programas ou proxectos de voluntariado, a tal efecto:

**MANIFESTAN**

1. Que con data 24/08/2022 foi asinado un convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Xeracción, Sociedade Cooperativa Galega para o desenvolvemento de programas de voluntariado.
2. Que o citado convenio ten por obxecto realizar diferentes programas de voluntariado, entre as dúas partes, no que participarán membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo como persoas voluntarias, que en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado colaboren nalgún programa de voluntariado.
3. Que a presenta Addenda-Anexo (proxecto/programa de voluntariado) rexerese polas condicións estipuladas no Convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
4. Que segundo o establecido na cláusula segunda do convenio anteriormente asinado, incorporase o proxecto de voluntariado: EnRedadas.
5. Este programa de voluntariado desenvolverase segundo o exposto no Anexo I.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan por duplicado a seguinte Addenda-Anexo, no lugar e data indicados ao inicio.

Pola Universidade de Vigo

Pola Xeracción, Sociedade Cooperativa Galega

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Cristina Conde-Corbal González

## ANEXO I

### *ENREDADAS*

#### **Primeiro: Denominación e duración do programa**

1.1 A Xeracción, Sociedade Cooperativa Galega desenvolverá o seguinte programa de voluntariado **EnRedadas**.

1.2 Os **eidos de actuación** serán os seguintes:

- Muller – Igualdade das mulleres
- Servizos sociais – Loita contra a pobreza e a exclusión social

1.3 O **período de desenvolvemento** do programa será o seguinte: Indefinido.

#### **Segundo: Obxectivos e persoas destinatarias do programa de voluntariado**

2.1 Os **obxectivos xerais** do programa son os seguintes:

O obxectivo principal é fomentar a acción voluntaria da entidade para incrementar o apoio e acompañamento ás mulleres vítimas de violencia machista participantes no proxecto EnRedadas.

2.2 Os **obxectivos específicos** do programa de voluntariado son os seguintes:

Dotar dun espazo de apoio emocional as mulleres ourensás vítimas de violencia machista para superar o illamento. Sensibilizar e formar ás persoas voluntarias e a poboación en xeral. Crear unha rede de apoio mutuo entre as mulleres participantes.

2.3 As **persoas destinatarias** do programa de voluntariado son:

- Infancia
- Muller
- Poboación en protección ou en risco de exclusión social

2.4 O **número aproximado de persoas beneficiarias** son: 40

#### **Terceiro: Descrición da actividade voluntaria**

3.1 As persoas voluntarias terán o seguinte **perfil**:

Formación e sensibilidade sobre igualdade e violencia machista. Se se carece de formación específica facilitarase pola entidade.

3.2 As **funcións do voluntariado** que vai a realizar neste programa de voluntariado son:

As voluntarias da entidade participarán no proxecto EnRedadas de atención psicosocial a mulleres vítimas de violencia de xénero. As funcións a desenvolver polas persoas voluntarias serán de acompañamento e planificación de actividades.

3.3 As actividades que vai a desenvolver o voluntariado son as seguintes:

Acompañamento para trámites e xestións administrativas ás mulleres participantes no Programa Enredadas da entidade, apoio emocional e coas cargas familiares, e apoio na organización de actividades de ocio, formativas e de sensibilización. Todas as actividades estarán coordinadas pola traballadora social da entidade, que guiará ó persoal voluntario nas actuacións.

3.4 As actividades de voluntariado desenvolveranse en:

Rúa Moratín 2. Ourense. Os acompañamentos para xestións (Padrón, SEPE - Servizo Público de Emprego, rexistro Xunta...) desenvolveranse na cidade de Ourense nas administracións e nas entidades necesarias.

3.5 Tempo de dedicación das persoas voluntarias:

Segundo dispoñibilidade.

3.6 Número total de persoas voluntarias necesarias: 10

3.7 Data de inicio ou de incorporación no programa de voluntariado: inmediata.

3.8 Data de finalización ou saída no programa de voluntariado: cando remate o programa.

3.9 Observacións ou outros comentarios:

#### **Cuarta: Persoa responsable ou coordinadora do programa de voluntariado**

Os datos da persoa responsable ou coordinadora do programa de voluntariado son:

**Nome e apelidos:** Nerea Conde Seguí

**Cargo/posto de traballo/función:** Traballadora social

**Teléfono móbil:** 698131032

**Correo electrónico:** nerea@xeraccion.com

**Horario de atención e información** as persoas interesadas na participación neste programa de voluntariado: De luns a xoves de 9:30 a 13:30 e xoves de 16:00 a 20:00, sempre con cita previa.

**Nome e apelidos:** Antía Pousa Pérez

**Cargo/posto de traballo/función:** Traballadora social

**Teléfono móbil:** 629352269

**Correo electrónico:** antia@xeraccion.com

**Horario de atención e información** as persoas interesadas na participación neste programa de voluntariado: De luns e venres de 9:30 a 13:30 e martes de 16:00 a 20:00, sempre con cita previa.